

dos polo IMSERSO ou órgano competente da comunidade autónoma correspondente.

b) Os pensionistas a que se fai referencia nas alíneas a) e b) do artigo 1.2 deste real decreto poderán solicitar do IMSERSO ou órgano competente da comunidade autónoma correspondente o recoñecemento dun grao de minusvalidez superior ao 33 por cento. Nestes supostos, será de aplicación o baremo recollido no anexo 1 do Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de minusvalidez.

c) Cando, como consecuencia do previsto no parágrafo anterior, non se alcanzase un grao de minusvalidez superior ao 33 por cento, a correspondente resolución ou certificado limitarase a establecer esta circunstancia.

Disposición derradeira primeira. Validez da acreditación do grao de minusvalidez.

De acordo co disposto no artigo 1.2 da Lei 51/2003, do 2 de decembro, e co artigo 1 do Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, a acreditación do grao de minusvalidez nos termos establecidos neste real decreto terá validez en todo o territorio nacional.

Disposición derradeira segunda. Facultades de desenvolvemento.

Autorízase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais a ditar as normas de aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de decembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,
JESÚS CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

22082 *REAL DECRETO 1540/2006, do 15 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea e se crea o Banco nacional coordinado de cotas lácteas.* («BOE» 300, do 16-12-2006.)

O Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea, establece os distintos elementos que conforman o funcionamento e intercambio destes dereitos de produción.

O sector lácteo estase a enfrontar a unha reforma da súa organización común de mercados que chegará á súa última etapa en xullo de 2007 e terá plenos efectos no período de taxa láctea 2007/2008.

A necesidade de reducir os prezos da cota láctea no mercado para que os gandeiros con explotacións viábeis que puidesen acceder a ela e reforzar a súa competitividade para afrontar en mellores condicións a reforma da política agraria común, motivou a adopción o ano pasado

dun plan de reestruturación do sector produtor lácteo, aprobado polo Real decreto 620/2005, do 27 de maio. A finalidade dese plan era aproveitar a ocasión de asignar cota precisamente no ano que se ía tomar como referencia para calcular os dereitos de pagamento único que lles corresponderían en diante aos produtores de leite en función da cota que tivesen asignada daquela.

A aplicación deste plan requiriu unha acción extraordinaria de execución polo Estado para que a distribución interterritorial da cota fose efectiva e o plan se puidese executar antes da fin do período de taxa láctea 2005/2006.

A situación do sector produtor lácteo un ano despois permite abordar outros procesos dirixidos a asentar os efectos do plan anterior sen provocar desprazamentos de cota significativos.

Trátase, neste sentido, de favorecer a asignación de cota ás explotacións prioritarias, que son as consideradas viábeis pero necesitadas dunha asignación maior para aumentar a súa rendibilidade. A asignación gratuíta de cotas procedentes da reserva nacional seguirase utilizando como medio de redistribución de cotas a gandeiros de toda España conforme uns mesmos criterios que xiran arredor dun modelo de explotación prioritaria definido desde o punto de vista sectorial e social.

Ademais, búscase ofrecer un sistema público de adquisición de cota a un prezo razoable, ao que contribúe a ausencia case total de intercambios desligados da explotación ao prezo pactado polas partes.

Para articular este mecanismo de adquisición, créase o Banco nacional coordinado de cotas lácteas, cuxa regulación se integra no Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, ao considerar que podería ser útil en futuros procesos de asignación de cotas procedentes da reserva nacional, por ser un sistema equilibrado, que potencia a competitividade do sector e que favorece unha ampla participación das comunidades autónomas.

O Banco nacional coordinado de cotas lácteas é, tamén, un instrumento mixto que combina os procedementos de asignación directa e de asignación logo de pagamento de cotas lácteas para darlle maior rapidez á súa tramitación, ao se aprobar unha soa convocatoria e presentar os gandeiros unha soa solicitude. Así mesmo, o banco dota de certa flexibilidade eses procedementos, ao se poderen variar en cada convocatoria algúns elementos, como as porcentaxes de asignación sobre as cales decide cada Administración e as cantidades asignables de forma individual, o que posibilita a súa adaptación ás necesidades do sector en cada momento.

Os criterios de asignación a través do Banco nacional coordinado de cotas lácteas, en que se reflicten os obxectivos da política económica sobre este sector, priman as explotacións asociativas, as que cumpren as exixencias de hixiene, sanidade e benestar animal, en coherencia coas novas orientacións da política agraria común, as explotacións dirixidas por unha muller e, en especial, as explotacións familiares ou de agricultores profesionais e aquelas en que o produtor é un agricultor mozo.

Neste instrumento non existe asignación complementaria gratuíta, o que facilita o seu financiamento. O nome de banco simboliza o intercambio de cotas que se producirá entre gandeiros, polo que o prezo que pagan uns pola cota que adquiren serve para indemnizar o abandono doutros, mediante a oportuna xeración de crédito. O Estado sufragará só a asignación gratuíta efectuada con cargo á reserva nacional.

Este real decreto introduce tamén outras modificacións no Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, que resultan convenientes para mellorar o sistema de xestión da cota láctea en España.

Así, fortalécese o vínculo entre cota e explotación gandeira, para evitar un uso especulativo da cota, e exíxese que o produtor sexa titular dunha explotación inscrita no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras, para reforzar a

eficacia desta ferramenta de ordenación sectorial e garantir unha mellor identificación dos titulares de cota láctea e o seu control.

Prevese, de conformidade coa normativa comunitaria, a posibilidade de indemnizar, no marco dos programas de abandono, o abandono parcial da produción, o que non só permitirá incrementar a oferta de cota a través dos instrumentos de asignación da reserva nacional, senón tamén ofrecerlles aos produtores unha vía para desprenderse da cota que non necesiten na súa explotación.

Por outra parte, exceptúanse das limitacións aplicables á asignación de cotas procedentes da reserva nacional os supostos en que o produtor que reciba axudas por cesar anticipadamente na súa actividade lles transmita a súa explotación a varios cesionarios. Poténciase, así, esta forma de substitución xeracional nas explotacións.

Por último, inclúense neste real decreto as convocatorias para o período de taxa 2006/2007 dun programa nacional de abandono da produción leiteira restrinxido á modalidade de abandono parcial e a do Banco nacional coordinado de cotas lácteas, co fin de axilizar o inicio destes procedementos que deberían estar concluídos antes do 31 de marzo de 2007. A primeira convocatoria completará a adoptada para o abandono total pola Orde APA/2914/2006, do 21 de setembro, pola que se regula e convoca o Programa nacional de abandono da produción láctea para o período 2006/2007, coas cales se nutrirá a convocatoria do Banco nacional coordinado de cotas lácteas no dito período.

Nesta convocatoria, as cotas existentes na reserva nacional antes da execución dos programas de abandono mencionados, que se asignen de forma gratuíta, distribuiranse entre as explotacións que se axusten ao modelo de explotación prioritaria definido neste real decreto, con independencia da comunidade autónoma en que estean situadas e en función unicamente dos méritos reunidos polos gandeiros destinatarios delas.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as organizacións representativas do sector afectado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 15 de decembro de 2006,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea.*

O Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea, queda redactado nos seguintes termos:

Un. As alíneas c) e d) do artigo 2 quedan redactadas como segue:

«c) Produtor: o gandeiro, persoa física ou xurídica ou agrupación de persoas físicas ou xurídicas cuxa explotación estea situada no territorio español, que produza e comercialice leite ou se prepare para facelo a moi curto prazo.

d) Explotación: o conxunto de unidades de produción xestionadas polo produtor, situadas no territorio español e que dispoñen do correspondente código de identificación de acordo co artigo 5 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras.»

Dous. Engádenselle dous novos parágrafos ao artigo 2, coa seguinte redacción:

«p) Agricultor a título principal no sector vacún de leite (en diante, ATP): sen prexuízo da definición contida no artigo 2.6 da Lei 19/1995, do 4 de xullo, entenderase como tal o que obtén máis do 50 por cento da súa renda da actividade agraria desenvolvida nunha explotación bovina para a produción de leite da cal fose titular durante o último ano e está incluído no réxime especial agrario ou no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos desde o 1 de xaneiro do ano de inicio do período de taxa que corresponda.

En caso de explotacións asociativas, haberá tantos ATP como socios cumpran as condicións indicadas.

Cando o titular da explotación sexa unha persoa física, computarase como ATP o cónxuxe e os familiares de primeiro grao que, sen seren titulares da explotación, cumpran o establecido no primeiro parágrafo.

q) Unidade de traballo agrario (en diante, UTA): o traballo efectuado por unha persoa dedicada a tempo completo durante un ano á actividade agraria, de acordo coa Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do 13 de decembro de 1995, pola que se desenvolve o número 1 do artigo 16 e a disposición derradeira sexta da Lei 19/1995, do 4 de xullo.»

Tres. Engádese unha alínea d) ao artigo 3.2, coa seguinte redacción:

«d) A asignación gratuíta de cotas con cargo á reserva nacional, segundo o previsto na sección 3.^a do capítulo III.»

Catro. O artigo 5 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 5. *Retirada da cota.*

1. Cando, durante dous períodos consecutivos, un produtor non utilice, polo menos, un 70 por cento da súa cota en cada un deles, perderá definitivamente a porcentaxe de cota non utilizada en ningún dos dous períodos, que se engadirá á reserva nacional con efectos do 1 de abril do período seguinte aos considerados. Porén, non perderá a devandita cota nos casos de forza maior e casos excepcionais debidamente xustificadas recollidos nas alíneas l) e m) do artigo 2 e que se lle comunicasen ao órgano competente da respectiva comunidade autónoma en canto o produtor teña coñecemento deles e, en calquera caso, antes do final do segundo período.

2. Non obstante o establecido no número 1, cando durante un período de doce meses un produtor non utilice a súa cota, esta engadirase con carácter provisional á reserva nacional a partir do inicio do período seguinte, durante o cal non poderá ser obxecto de transferencia, cesión temporal, transvaseamento nin abandono. A devandita integración adquirirá carácter definitivo unha vez finalizado o citado segundo período sen que o produtor utilízase a súa cota.

O produtor recuperará a cota na súa totalidade e cos mesmos dereitos e obrigas orixinais no caso de que reinicie a produción antes de que finalice o segundo período e realice entregas ou vendas directas do 70 por cento ou máis da cota láctea que tiña asignada ao inicio do período anterior.

O produtor recuperará a parte de cota utilizada cos mesmos dereitos e obrigas orixinais no caso de que reinicie a produción antes de que finalice o segundo período e realice entregas ou vendas direc-

tas por debaixo do 70 por cento da cota láctea que tiña asignada ao inicio do período anterior.

3. Os gandeiros a que se lles asignase cota que non sexan titulares dunha explotación o 1 de abril de cada período rexistrada de acordo co disposto no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, perderán a dita asignación de cota, que se engadirá á reserva nacional con carácter definitivo, desde o primeiro día do período.

4. O órgano competente da comunidade autónoma onde radique a explotación do produtor ditará, antes do 30 de setembro do período en que a retirada teña plenos efectos, as resolucións correspondentes a:

a) Aqueles produtores cuxa cota deba ser engadida definitivamente á reserva nacional por non ter utilizado a súa cota durante dous períodos consecutivos ou por aplicación do número 3.

b) Aqueles produtores que, en aplicación do número 1, deban perder parte da súa cota.

c) Aqueles produtores cuxa parte de cota deba ser engadida á reserva nacional en aplicación do parágrafo terceiro do número 2.

5. A contabilización das retiradas efectuarase de forma independente, entre os dous posibles compoñentes da cota láctea, é dicir, venda directa ao consumo e entrega a compradores.

6. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación comunicarlles ás comunidades autónomas, para os efectos da aplicación da retirada de cotas, as entregas totais de cada un dos produtores cuxa explotación radique nos seus respectivos ámbitos territoriais.»

Cinco. O artigo 6 queda redactado como segue:

«Artigo 6. *Obxecto.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá poñer en marcha programas nacionais de abandono da produción leiteira, mediante a concesión dunha indemnización económica, co fin de servir de elemento de reordenación destinado a estimular a modernización do sector e a súa adecuación ás exixencias de competitividade.

2. O abandono afectará a totalidade ou unha parte da produción leiteira e o produtor deberase comprometer na súa solicitude a facelo efectivo e demostralo, antes da data que se estableza na orde correspondente á súa convocatoria.

3. A indemnización a cada produtor concederase en función da cota láctea individual, tanto de entregas a compradores como de venda directa, excluída a recibida gratuitamente da reserva nacional, que teña asignada o 1 de abril do período de concesión. No caso da cota para entrega a compradores e se así se especifica na convocatoria correspondente, poderase considerar a ponderación do contido en graxa do leite para o cálculo da indemnización.

4. Da cantidade total de cota indemnizada en cada período por programas nacionais de abandono poderase destinar o 80 por cento para a súa asignación no período seguinte a outros produtores a través do Fondo nacional coordinado de cotas lácteas establecido na sección 2.^a do capítulo III, ou o 100 por cento a través do Banco nacional coordinado de cotas lácteas, establecido na sección 3.^a do capítulo III.»

Seis. O número 1 de artigo 7 queda redactado como segue:

«1. O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación convocará mediante orde ministerial os pro-

gramas nacionais de abandono, que determinará o prazo de solicitude, o prazo máximo para facer efectivo o abandono, a cantidade global máxima que se vai indemnizar, os importes da indemnización por quilogramo de cota abandonada, a cota individual máxima prevista no artigo 8.1.a), a posibilidade de admitir solicitudes de abandono de só unha parte da cota asignada e se se inclúe ou non a ponderación da materia graxa para o cálculo da indemnización.»

Sete. Engádesse un número 4 ao artigo 8, coa seguinte redacción:

«4. No caso de que a convocatoria do programa de abandono recolla a posibilidade de realizar abandonos parciais, é dicir, que afecten só unha parte da cota asignada ao produtor, a concesión da indemnización estará supeditada ao cumprimento das seguintes condicións:

a) Non se lles permitirá o abandono parcial a aqueles produtores que tivesen unha cota total asignada inferior a 50.001 quilogramos.

b) Os produtores con cota total asignada entre 50.001 e 100.000 quilogramos deberán reter, polo menos, unha cota de 50.000 quilogramos despois do abandono.

c) Os produtores con cota total asignada superior a 100.000 quilogramos deberán reter, polo menos, o 50 por cento desta despois do abandono.

d) En todo caso, deberase abandonar unha cantidade mínima igual ou superior ao 30 por cento da súa cantidade total asignada.

e) Para o cómputo das cantidades e porcentaxes anteriores considerárase, en primeiro lugar, a cota asignada ao produtor que tivese natureza de reserva nacional.

f) O interesado deberá presentar unha declaración xurada de que abandona a cota indicada por el antes da data que establece a correspondente convocatoria.»

Oito. Engádeselle unha nova alínea e) ao artigo 14, coa seguinte redacción:

«e) Mediante o Banco nacional coordinado de cotas lácteas poderase asignar a totalidade das cotas relacionadas no artigo 13, excepto as procedentes dos programas autonómicos de abandono.»

Novo. O artigo 16 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 16. *Requisitos.*

1. Unicamente poderán recibir asignacións de cotas procedentes da reserva nacional os solicitantes que reúnan os seguintes requisitos:

a) Non se ter acollido aos programas de abandono definitivo da produción de leite, financiados con cargo a fondos da Unión Europea, nacionais ou autonómicos.

b) Non ter transferido cota durante os últimos tres períodos.

c) Que, no último período, a suma das entregas e vendas directas de leite e produtos lácteos, así como das cotas cedidas temporalmente, sexa, polo menos, do 90 por cento da cota que tivese asignada neste. A concorrencia dos casos de forza maior e excepcionais, indicados nas alíneas l) e m) do artigo 2, non exime do cumprimento deste requisito.

d) Que cumpran as exixencias de calidade do leite de acordo cos parámetros establecidos no número 3 do punto III (Criterios relativos ao leite cru) do capítulo I (Produción primaria de leite cru) da sección IX (Leite cru e produtos lácteos) do anexo III do Regulamento (CE) n.º 853/2004, do Parlamento

Europeo e do Consello, do 29 de abril, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal, segundo os resultados analíticos do último mes anterior á finalización do prazo de presentación de solicitudes. No referente á presenza de residuos de antibióticos, deberase cumprir o requisito de non ter detectado a presenza de residuos de substancias farmacologicamente activas nas análises realizadas durante os tres meses anteriores á data de remate do prazo de solicitude.

e) Non ter renunciado á asignación de cota procedente da última convocatoria de repartición da reserva nacional.

f) En caso de terlle solicitado cota ao Fondo nacional coordinado de cotas lácteas no mesmo período ou no anterior, non ter incumplido a obriga de depositar a cantidade correspondente no prazo establecido neste real decreto.

g) Non ter sido excluídos de asignación de cotas procedentes da reserva nacional por unha declaración falsa ou incorrecta por negligencia grave, nalgunha das tres últimas convocatorias.

h) Non ter sido excluídos dos programas de saneamento gandeiro oficial por causas atribuíbles ao interesado.

i) Que en ningún dos tres anos anteriores a aquel para o cal se solicita a asignación de cota da reserva nacional o interesado fose sancionado pola presenza no seu gando ou explotación de residuos de substancias prohibidas en virtude do Real decreto 2178/2004, do 12 de novembro, polo que se prohibe utilizar determinadas substancias de efecto hormonal e tireostático e substancias beta-agonistas de uso na cría de gando, ou a normativa a que este substitúe, nin fose sancionado pola presenza no seu gando ou explotación de substancias ou produtos non autorizados ou de substancias ou produtos autorizados, pero en posesión ilegal na súa explotación.

j) Non ter sido sancionado por falta moi grave, en ningún dos tres anos anteriores a aquel para o cal se solicita a asignación de reserva, por incumprimento da normativa básica establecida en materia de alimentación e benestar animal e, en particular, dos reais decretos 3454/2000, do 22 de decembro, polo que se establece e regula o Programa integral coordinado de vixilancia e control das encefalopatías esponxiformes transmisibles dos animais, e 348/2000, do 10 de marzo, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras.

k) Non ter sido sancionado por falta moi grave en ningún dos tres períodos anteriores ao de solicitude de cota da reserva nacional, en materia de identificación animal.

l) Non encontrarse o titular da explotación en situación de xubilación.

m) Ser titular dunha explotación gandeira rexistrada de acordo co disposto no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo.»

2. Só se admitirá unha solicitude de asignación de cota por explotación.»

Dez. O artigo 18 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 18. *Baremo de puntuación das solicitudes.*

As solicitudes presentadas serán valoradas de acordo co seguinte baremo de puntuación:

a) Tres puntos por ser titular dunha explotación agraria familiar ou asociativa que, no momento da

finalización do prazo de presentación de solicitudes, teñan a consideración de prioritarias de acordo cos requisitos establecidos polos artigos 4 a 6 da Lei 19/1995, do 4 de xullo.

A acreditación da condición de explotación prioritaria para estes efectos realizarase da forma prevista no artigo 16.3 da citada lei.

b) Dous puntos por ter a condición de agricultor profesional, segundo se define no artigo 2.n).

Esta puntuación será incompatible coa obtención dos tres puntos previstos na alínea a).

c) Tres puntos por ter obtido, nalgún dos tres anos inmediatamente anteriores á data da solicitude de asignación de cota, algunha axuda oficial das previstas nos números 1.º, 3.º ou 4.º seguintes, ou cinco puntos se se refire ao número 2.º:

1.º A prevista no artigo 3.1 a) do Real decreto 613/2001, do 8 de xuño.

2.º As que se poidan obter de acordo cos preceptos relativos á instalación de agricultores mozos dos regulamentos (CE) 1257/1999, do Consello, do 17 de maio de 1999, ou (CE) 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), segundo proceda.

3.º As previstas nas alíneas d), g) e h) do artigo 3.2 do Real decreto 117/2001, do 9 de febreiro, polo que se establece a normativa básica de fomento dos investimentos para a mellora das condicións de transformación e comercialización dos produtos agrarios, silvícolas e da alimentación.

4.º Calquera outra axuda da mesma natureza concedida ao abeiro de normativa derogada polas disposicións aludidas anteriormente.

d) Tres puntos por ter a condición de agricultor mozo, segundo se define no artigo 2.ñ).

As explotacións asociativas poderán obter a puntuación das alíneas b) e d) cando polo menos o 50 por cento dos socios que as integran cumpran a condición establecida en cada unha delas.

e) Dous puntos por non ter recibido asignación na convocatoria inmediatamente anterior, téndoo solicitado e cumprindo os requisitos.

f) Dous puntos por estar situada a explotación nunha zona desfavorecida ou de limitación ambiental específica, das recollidas no capítulo V do Regulamento (CE) n.º 1257/1999, do Consello, do 17 de maio de 1999, no non derogado polo Regulamento (CE) 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro de 2005, ou por estar situada a explotación nunha zona da Rede Natura 2000, conforme o establecido no devandito regulamento.

g) Un punto por ter comprado cota a través de transferencia nos últimos dous períodos.

h) Un punto por estar integrado nun núcleo de control leiteiro.

i) Un punto por ser titular dunha explotación gandeira cualificada como B4 (oficialmente indemne de brucelose) e T3 (oficialmente indemne de tuberculose), ou B3 (indemne de brucelose) e T3 (oficialmente indemne de tuberculose), segundo o previsto no Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais.

j) Un punto por ser membro e ter entregado todo o leite producido, desde o último 1 de abril, a unha cooperativa ou sociedade agraria de transformación dedicada á comercialización ou transformación de leite que estea autorizada como comprador de leite no réxime da taxa suplementaria da cota láctea.

k) Un punto se a explotación do solicitante pertence a unha agrupación de defensa sanitaria de gando vacún de leite.

l) Un punto por estar inscrito nunha denominación de calidade ou indicación xeográfica protexida ou similar relativas a leite ou produtos lácteos.

m) Un punto por ser unha explotación asociativa das recollidas no artigo 2.o).

n) Un punto no caso de que o titular ou cotitular da explotación sexa muller. Se se trata dunha explotación asociativa, cando polo menos o 50 por cento dos socios que a integran sexan mulleres.

Once. Os números 2 e 3 do artigo 22 quedan redactados como segue:

«2. Os beneficiarios de asignación de cotas da reserva nacional comprométese a non transferir nin ceder temporalmente cota durante cinco períodos contados a partir do período en que recibisen unha asignación da reserva nacional.

3. Exceptúanse do establecido nos parágrafos anteriores os casos de transferencias de cotas vinculadas ás explotacións, sempre que se trate da mesma explotación que tiña o produtor anterior, quedando as cotas procedentes da reserva nacional suxeitas aos requisitos de orixe. Esta excepción aplicarase tamén nos casos de xubilación anticipada da actividade agraria, efectuada ao abeiro do Regulamento (CE) 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro de 2005, e do Real decreto 5/2001, do 12 de xaneiro, polo que se establece un réxime de axudas destinadas a fomentar o cesamento anticipado na actividade agraria, no que non se opoña ao dito regulamento.»

Doce. Engádesse unha sección 3.^a ao capítulo III coa seguinte redacción:

«SECCIÓN 3.^a BANCO NACIONAL COORDINADO DE COTAS LÁCTEAS

Artigo 33 bis. *Banco nacional coordinado de cotas lácteas.*

1. Dentro da reserva nacional créase un sistema público de adquisicións de cota que se denominará Banco nacional coordinado de cotas lácteas (en diante, banco).

O banco nútrese da totalidade de cotas obxecto dos programas nacionais de abandono do período anterior á súa convocatoria ou do mesmo período. O banco tamén se poderá nutrir das cantidades que en cada momento constitúan a reserva nacional e que se integrasen nela por calquera dos medios enumerados no artigo 13, coa excepción das cotas procedentes dos programas autonómicos de abandono.

2. O 80% da cota indemnizada procedente dos programas nacionais de abandono que se tomen como referencia será asignada a través do banco, logo de pagamento dunha cantidade igual ao importe medio da indemnización pagada nos ditos programas. A asignación efectuarase conforme o artigo 33 quater, mentres existan en cada comunidade autónoma produtores que reúnan os requisitos establecidos nel.

O 20% desa cota será asignada gratuitamente de acordo co artigo 33 quinquies. A cota así asignada terá o carácter de cota da reserva nacional.

3. A sección 2.^a, relativa ao Fondo nacional coordinado de cotas lácteas, aplicarase en todo o que non se opoña ao disposto nesta sección, así como en todos os aspectos non regulados por ela.

Artigo 33 ter. *Convocatoria do banco, requisitos e presentación de solicitudes.*

1. O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá convocar a asignación de cotas a través do banco mediante unha orde ministerial en que se detallan os seguintes aspectos:

- a) O prazo de presentación das solicitudes.
- b) A procedencia da cota láctea destinada ao banco.
- c) Aqueloutros aspectos que se consideren necesarios para a ordenación do proceso de asignación.

A devandita orde poderá fixar unhas porcentaxes distintas das establecidas no artigo 33 bis.2 para a asignación logo de pagamento e gratuíta da cota procedente dos programas nacionais de abandono, sempre que o primeiro sexa maior do 50 por cento e o segundo menor do 50 por cento, así como variar as cantidades asignables e as cotas de partida establecidas nos artigos 33 quater e 33 quinquies, para adaptar estes elementos ás necesidades estruturais do sector en cada momento.

2. Os solicitantes que desexen obter asignación de cotas do banco deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 16.

3. Os produtores interesados en obter cotas do banco presentarán unha única solicitude ante o órgano competente da comunidade autónoma en que radique a explotación do solicitante ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

O produtor dirixirá a súa solicitude tanto ao órgano competente da comunidade autónoma como ao director xeral de Gandaría e indicará se desexa adquirir cota logo de pagamento, recibir unha asignación gratuíta da reserva nacional ou ambas as cousas. A solicitude conterá, polo menos, os datos que figuran no anexo XI.

Artigo 33 quater. *Adquisición de cota logo de pagamento.*

1. A asignación da cota logo de pagamento farase de acordo co artigo 28.

2. Atenderanse, en primeiro lugar, as solicitudes correspondentes ás explotacións que cumpran os criterios e orde de prioridade establecidos nos números 2 e 3 do artigo 33 quinquies.

Para estes efectos, o criterio establecido no artigo 33 quinquies.3 a) sobre a adquisición de cota logo de pagamento na mesma convocatoria será substituído polo de ter unha cota asignada no momento de finalización do prazo de presentación de solicitudes inferior á cota media da comunidade autónoma en que radique a súa explotación.

3. A cantidade máxima que se vai asignar será de 40.000 quilogramos por cada UTA ou ATP, segundo o que decida cada comunidade autónoma. Consideraranse ata un máximo de 3 UTA ou ATP por explotación.

Artigo 33 quinquies. *Adquisición gratuíta de cota.*

1. A asignación gratuíta de cota faráselles aos produtores que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Ter asignada unha cota no momento da finalización do prazo de presentación de solicitudes inferior a 220.001 quilogramos por explotación.

Esta cantidade mínima computarase por socios ATP no suposto de explotacións asociativas e por ATP existentes na explotación, cun máximo de dous, se o titular é unha persoa física.

b) Ser titular dunha explotación gandeira cualificada como B3 T3 ou B4 T3, segundo o previsto no Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro.

c) Reunir algún dos criterios do seguinte punto.

2. Establécense os seguintes criterios de valoración por orde de prioridade:

a) Que se trate de produtores aos cales nalgún dos tres anos anteriores á solicitude se lles concedese unha axuda á primeira instalación de agricultores mozos das previstas no Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, na modalidade de acceso á titularidade exclusiva.

b) Que se trate de produtores aos cales nalgún dos dous anos anteriores á solicitude se lles concedese unha axuda á primeira instalación de agricultores mozos das previstas no Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, na modalidade de:

1.º Acceso á titularidade compartida ou á cotitularidade.

2.º Integración como socio nunha entidade asociativa.

Entenderanse cumpridos os criterios de valoración anteriores se o interesado solicitou no ano en que se efectúa a convocatoria unha axuda á primeira instalación de agricultores mozos, sempre que a axuda lle sexa finalmente concedida. Noutro caso, a asignación resolverase por falta de cumprimento dos requisitos establecidos para o beneficiario.

c) Que se trate de produtores aos cales nalgún dos dous anos anteriores á solicitude se lles concedese unha axuda aos investimentos nas explotacións agrarias mediante plans de mellora dos previstos no Real decreto 613/2001, do 8 de xuño.

d) Que a solicitude corresponda a explotacións que nos dous últimos anos se constituísen como explotacións asociativas segundo se definen no artigo 2.o).

En todo caso serán explotacións de nova formación creadas por achega de cota de máis dun gandeiro, sen que se consideren para os efectos deste artigo, as explotacións resultantes da transformación ou fusión doutras desas características xa existentes.

Terán preferencia para a asignación de cota as solicitudes en que concorran o cumprimento do criterio establecido na alínea a), ordenadas, pola súa vez, segundo cumpran algún outro criterio ou só ese; despois, atenderanse do mesmo modo as que cumpran o criterio sinalado na alínea b); logo, as da c) e, por último, as que só cumpran o criterio establecido na alínea d).

3. Dentro de cada un dos grupos en que se ordenen as solicitudes conforme o punto anterior, estas atenderanse segundo o cumprimento dos seguintes criterios, expresados por orde de prioridade:

a) Ter solicitado adquirir cota logo de pagamento na mesma convocatoria e non ter renunciado á asignación.

b) Ser unha explotación asociativa. Dentro destas, terán preferencia as de maior antigüidade sobre as máis recentes.

c) Ser unha persoa física. As solicitudes destas ordenaranse de menor a maior idade.

4. A cantidade máxima de cota que se vai asignar a cada explotación será:

a) Se as solicitudes cumpren o criterio establecido no número 2 a), a necesaria para que a cota asignada a cada ATP alcance 220.000 quilogramos,

co tope de 60.000 quilogramos para o segundo e seguintes.

b) Para o resto de casos, e por cada un dos ATP existentes, a menor das seguintes cantidades:

1.º Se as solicitudes cumpren o criterio sinalado no número 2 b), a necesaria para que a cota asignada por ATP alcance 220.000 quilogramos ou 60.000 quilogramos.

2.º Nos demais supostos, a necesaria para que a cota asignada por ATP alcance 220.000 quilogramos ou 30.000 quilogramos.

5. As cotas procedentes do 80% da cota indemnizada nos programas de abandono considerados que non sexan asignadas en cada comunidade autónoma, así como a cantidade de cota da reserva nacional que en cada período se decida incorporar ao banco, asignaranse conforme este artigo.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá modificar ata nun 50% as cantidades máximas asignables establecidas no número 4, sempre que o volume de cota solicitada para a súa asignación gratuita exceda notablemente da cantidade de cota dispoñible no banco.

Artigo 33 sexies. Tramitación, resolución e limitacións.

1. As comunidades autónomas asignarán a cota que se adquiera logo de pagamento, de acordo cos números 1, 2, 3 do artigo 30.

2. A comunidade autónoma onde radique a explotación do solicitante valorará e clasificará as solicitudes de asignación gratuita de cota conforme o establecido no artigo 33 quinquies e remitiralle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a información indicada no artigo 19.2 no prazo de dous meses desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ditará a resolución correspondente ás solicitudes de asignación gratuita de cota antes do 31 de marzo de cada período de taxa e remitiralle a cada comunidade autónoma unha relación das cotas asignadas aos produtores cuxa explotación estea situada no seu territorio.

3. Os beneficiarios de cotas adquiridas logo de pagamento do banco están suxeitos ás limitacións establecidas nos números 2 a 4 do artigo 22.

Os beneficiarios da asignación gratuita de cotas a través do banco están suxeitos, ademais, ás limitacións establecidas no artigo 22.1 e 23.

4. As cantidades asignadas terán efecto no período de taxa en que se asignen, excepto aquelas cantidades correspondentes ás entregas certificadas e, se é o caso, ás vendas directas declaradas polos beneficiarios dos programas de abandono de que se nutra o banco, ata o momento de facer efectivo o abandono, que terán efectos no período seguinte.»

Trece. Engádese un anexo XI co contido que figura no anexo a este real decreto.

Disposición adicional primeira. Convocatoria extraordinaria de Programa nacional de abandono da produción láctea para o período 2006/2007.

No prazo máximo de dez días hábiles desde a entrada en vigor deste real decreto poderanse presentar solicitudes para un programa nacional de abandono da produción láctea para o período 2006/2007, que se rexerá polas seguintes normas:

a) Só se aceptarán solicitudes de abandono parcial que cumpran os requisitos establecidos no artigo 8 do

Real decreto 347/2003, do 21 de marzo. O abandono parcial da produción farase efectivo no prazo máximo de corenta e cinco días naturais desde a entrada en vigor deste real decreto.

b) O órgano competente da comunidade autónoma indicarlles aos interesados se a súa solicitude cumpre ou non os requisitos establecidos, no prazo máximo dun mes desde a entrada en vigor deste real decreto.

c) No demais, será aplicable a Orde APA/2914/2006, do 21 de setembro, pola que se regula e convoca o Programa nacional de abandono da produción láctea para o período 2006/2007.

Disposición adicional segunda. *Convocatoria do Banco nacional coordinado de cotas lácteas para o período 2006/2007.*

1. No prazo máximo dun mes desde a entrada en vigor deste real decreto poderanse presentar solicitudes de asignación de cota a través do Banco nacional coordinado de cotas lácteas para o período 2006/2007.

2. Esta convocatoria nutrirase das cotas obxecto de abandono indemnizado en virtude tanto da Orde APA/2914/2006, do 21 de setembro, pola que se regula e convoca o Programa nacional de abandono da produción láctea para o período 2006/2007, como da convocatoria extraordinaria regulada na disposición adicional primeira,

así como das demais cantidades da reserva nacional no momento de ditar a resolución.

3. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación asignará as cantidades indicadas no artigo 33 quinquies.5 do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, de forma que todas as explotacións que cumpran os requisitos e criterios de prioridade poidan recibir unha asignación de cota, independentemente da comunidade autónoma onde estean situadas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva que lle atribúe ao Estado o artigo 149.1.13.^a da Constitución en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de decembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca
e Alimentación,
ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO
Solicitud ao Banco nacional coordinado de cotas lácteas
ANEXO XI

SOLICITUDE AO BANCO NACIONAL COORDINADO DE COTAS LÁCTEAS

PERÍODO _____ REXISTRO: _____

IDENTIFICACIÓN TITULAR	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL		NIF ou CIF		
	DATA: • DE NACEMENTO (persoas físicas) ___/___/___ • DE CONSTITUCIÓN (persoas xurídicas)		PARA CUBRIR POLA CA:		
			Nº ATP		
			Nº UTA		
	DOMICILIO		TELÉFONO	MÓBIL	
	LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL		
	DOMICILIO PARA NOTIFICACIÓNS, EN CASO DE SER DISTINTO AO DO TITULAR				
RÚA/ PRAZA		LOCALIDADE	PROVINCIA	CP	
REPRESENTANTE (SE É O CASO)	APELIDOS E NOME	NIF ou CIF			

EXPLOTACIÓN	NOME	ENDEREZO				
	CÓDIGO DE IDENTIFICACIÓN REGA	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	TELÉFONO
	LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL			

Quen asina

SOLICITA

A adquisición ao Banco nacional, LOGO DE PAGAMENTO do importe de euros/kg, da seguinte cantidade de cota: kg

A adquisición GRATUÍTA da reserva nacional da seguinte cantidade de cota: kg

COÑECE QUE:

As cantidades obtidas como asignación gratuíta da reserva nacional non poderán ser obxecto de transferencia ou cesión temporal nin de indemnización por abandono e reintegraranse á reserva nacional no caso de transferencia total ou parcial.

Non pode transferir nin ceder temporalmente cota ata o período 2010/2011 inclusive

COMPROMÉTESE A:

Realizar o ingreso correspondente ao valor da cota asignada, no prazo dun mes a partir da recepción da correspondente resolución, na conta corrente do Banco Cooperativo Español, número 0198-0601-68-1155165721, denominada Fondo nacional de cotas lácteas, cuxo titular é a Secretaría Xeral de Agricultura e Alimentación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

EXPÓN QUE:

1.

Desexa <input type="checkbox"/>	/ Non desexa <input type="checkbox"/>
---------------------------------	---------------------------------------

que unha parte da cota total que lle corresponda no proceso de asignación lle sexa asignada como cota para venda directa.

2. Coñece as condicións e limitacións establecidas neste real decreto para solicitar a adquisición de cotas ao Banco nacional coordinado.

3. Coñece e dá a súa conformidade para que os datos persoais contidos na solicitude sexan incluídos en ficheiros automatizados que a Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación posúe para a xestión da cota láctea e sexan utilizados de acordo co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

4. Que cumpre os criterios abaixo marcados (sinalar cun X o recadro que corresponda)

- 1) Ter obtido nalgún dos tres anos inmediatamente anteriores á solicitude unha axuda oficial á primeira instalación de agricultores mozos das previstas no RD 613/2001, do 8 de xuño, na modalidade de acceso á titularidade exclusiva
- 2) Ter obtido nalgún dos dous anos inmediatamente anteriores á solicitude unha axuda oficial á primeira instalación de agricultores mozos das previstas no RD 613/2001, do 8 de xuño, na modalidade de:
- Acceso á titularidade compartida ou á cotitularidade
 - Integración como socio nunha entidade asociativa
- 3) Ter obtido nalgún dos dous anos inmediatamente anteriores á solicitude unha axuda oficial para investimentos mediante plans de mellora das previstas no Real decreto 613/2001, do 8 de xuño.
- 4) Trátase dunha explotación asociativa conforme se define no artigo 2 o) constituída nos dous anos inmediatamente anteriores á solicitude.
- a) Que é titular dunha explotación familiar ou asociativa que, na data de inicio do período de presentación de solicitudes, ten a consideración de prioritaria, de acordo cos requisitos establecidos na Lei 19/1995, do 4 de xullo, o que acredita mediante a presentación de certificación expedida polo órgano competente da súa comunidade autónoma.
- b) Que é agricultor profesional, tal e como se define no artigo 2.5 da Lei 19/1995, do 4 de xullo (incompatible con a).
- c) Ter obtido nos tres anos inmediatamente anteriores á solicitude algunha axuda oficial das previstas nas alíneas d), g) e h) do artigo 3.2 do R.D. 117/2001, do 9 de febreiro, ou calquera outra da mesma natureza concedida ao abeiro de normativa derogada polas aludidas anteriormente.
- d) Que é agricultor mozo.
- f) A súa explotación está situada en zona desfavorecida ou de limitación ambiental específica. Capítulo V, título II, Rto. (CE) do Consello nº 1257/1999, do 17 de maio de 1999, no non derogado polo Regulamento (CE) 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro de 2005, ou por estar situada a explotación nunha zona da Rede Natura 2000, conforme o establecido no dito regulamento.
- g) Comprou cota a través de transferencia nos últimos dous períodos.
- h) Está integrado nun núcleo de control leiteiro.
- i) Que é titular dunha explotación gandeira cualificada sanitariamente con algunha das cualificacións seguintes:
- B3 ou indemne de brucelose e T3 ou oficialmente indemne de tuberculose.
 - B4 ou oficialmente indemne de brucelose e T3 ou oficialmente indemne de tuberculose.
- j) É membro dunha cooperativa para a comercialización de leite que estea autorizada como compradora de leite ou de agrupacións de xestión económica
- k) A súa explotación pertence a unha agrupación de defensa sanitaria de gando vacún de leite.
- l) Está inscrito nunha denominación de calidade ou indicación xeográfica protexida ou similares, relativas a leite ou produtos lácteos.
- m) É unha explotación asociativa das recollidas no artigo 2.o) do RD 347/2003, do 21 de marzo.
- n) É muller, comparte a titularidade dunha explotación ou, en caso de explotación asociativa, o 50% dos integrantes son mulleres.

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

(Sinalar cun X no recadro correspondente os documentos que se achegan á solicitude)

- Fotocopia do DNI/NIF (anverso e reverso) ou do CIF do titular da explotación e de todos os ATP que a integran.
- Documentación xustificativa da condición de ATP das persoas consignadas nesta solicitude como tales.

No caso de cooperativas agrarias de produción, SAT, sociedades civís e outras persoas xurídicas, ou comunidades de bens:

- Certificado do órgano xestor da sociedade ou documento acreditativo no caso de comunidades de bens en que conste o acordo de solicitar as cantidades do banco e a identificación da persoa autorizada para solicitalas.
- Calquera outra documentación que o órgano competente considere necesaria para xustificar o cumprimento dos requisitos e criterios de prioridade establecidos neste real decreto.

En _____ o _____ de _____ de 2

ASINADO _____

EN CALIDADE DE _____

DIRECTOR XERAL DE GANDARÍA DO MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN
ÓRGANO COMPETENTE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA